

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES DO CASTRO - VIGO

PLAN XERAL DE ATENCION A DIVERSIDADE DO CENTRO

Este documento foi elaborado polo Departamento de Orientación conforme ás directrices establecidas nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG do 21 de decembro de 2011), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Plan foi ratificado polo Claustro do centro e posteriormente aprobado polo Consello Escolar o día 4 de outubro de 2012, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto mencionado.

ESTRUTURA DO PLAN

1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

3.- DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS

4.- DESCRICIÓN DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

.- CONCEPTO

.- MEDIDAS ORDINARIAS

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programa do Diploma do Bacharelato Internacional.
- l) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- k) Programas de recuperación.
- m) Programas específicos personalizados.
- n) Programas de habilidades sociais.

.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- a) Adaptacións curriculares significativas.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de diversificación curricular.
- f) Programas de cualificación profesional inicial.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

5.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO:

- Orientador
- Profesora de apoio
- Titores/as
- Profesores/as de reforzo, profesorado materias instrumentais.

- Profesorado aula convivencia.

6.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

9.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

-Exención de 2ª lingua estranxeira (francés)

-Asistencia á aula de apoio

-Adaptacións curriculares significativas

-Agrupamentos flexibles

-Programas de diversificación curricular

-Programas de cualificación profesional inicial

10.- PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

1. -XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Instituto do Castro naceu para atender a gran demanda de prazas de ensino medio no centro da cidade de Vigo debido ao incremento da poboación nas décadas dos anos 70 e 80, e comezou a funcionar nos primeiros anos da década dos 90 do século pasado. Acolle alumnado de procedencia urbana que vive nas rúas próximas ao Instituto entre Beiramar e a Gran Vía. No curso 1996-97 inicia a súa escolarización no centro o alumnado do primeiro ciclo da ESO.

A maioría do alumnado da ESO, sobre todo nos dous primeiros cursos desta etapa, procede do CEP adscrito Dr. Fleming e sempre viviu en Vigo. Nos últimos anos observouse un progresivo aumento da porcentaxe de alumnado procedente do estranxeiro, fundamentalmente de orixe sudamericana, que no curso 2011/12 representou no conxunto do centro un 11,68 % (14,45 % na ESO e 7,72 % en Bacharelato)

En Bacharelato, algo máis da metade do alumnado incorpórase ao centro procedente dos centros privados do entorno, e, desde o curso 2008/09, o instituto conta con autorización para impartir o Diploma de Bacharelato Internacional, unha modalidade de bacharelato máis esixente que pode responder ás necesidades dun tipo de alumnado cunhas determinadas capacidades de traballo, esforzo, dedicación e cuns intereses máis amplos e diversos.

O claustro está formado por 59 profesores e profesoras, a maioría deles estables no centro e cunha ampla experiencia docente.

En xeral, as familias seguen de forma directa a evolución escolar dos seus fillos/as e manteñen un contacto regular co centro a través dos titores/as e profesorado.

Conforme se establece no preámbulo do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación concíbese *a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.*

O IES do Castro, atendendo estes presupostos, pretende favorecer nos seus diferentes proxectos, programas e concreción nas programacións a atención de todo o alumnado mediante unha concepción individualizada do ensino e a aprendizaxe. Esta concepción obriga a dar respostas educativas axeitadas mediante unha serie de medidas de carácter xeral preventivas e organizativas e, máis en concreto, con outras medidas específicas (ordinarias ou extraordinarias) que se implementaron durante os últimos anos desenvolvendo unha enseñanza máis personalizada e adaptada ás características persoais (intereses, motivación e aptitudes) e ambientais do alumnado e conforme ás directrices legais que se foron publicando neste aspecto.

Porén, é necesario deixar constancia de que o contexto actual de crise económica, que supón recortes de recursos persoais e materiais en educación e a posibilidade de aumento de ratios, entre outros aspectos, pode condicionar de maneira importante a continuidade dalgunhas das medidas de carácter organizativo e de reforzo que se viñan aplicando no centro historicamente, así como a dificultade de implementar algunhas das novas medidas que se contemplan no decreto.

3.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

- Alumnado 1º ESO procedente do centro adscrito

-Traspaso de información sobre alumnado con NEEs nas reunións de coordinación do orientador coa xefatura de departamento de orientación do centro adscrito (CPR)

Doutor Fleming). Esta información reflíctese nun modelo de ficha ou informe no que se recollen os datos persoais e académicos relevantes do alumno/a, as medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade aplicadas en Primaria e a recomendación das medidas a adoptar no futuro en función dos criterios establecidos nas reunións previas de coordinación entre os dous departamentos: solicitude de exención da 2ª lingua estranxeira, incorporación a un agrupamento flexible, atención do profesorado especialista en pedagogía terapéutica, adaptación curricular...

- Análise dos informes individualizados do alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro, fundamentalmente de 1º de ESO, valorando o nivel de consecución dos obxectivos da etapa ou curso, as competencias adquiridas e todas aquelas observacións ou recomendacións específicas sobre o seu estilo de aprendizaxe e as dificultades detectadas.
- Valorar os informes dos especialistas que acompañan o informe individualizado (profesores especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe).
- Realización de probas pedagóxicas (comprensión e expresión escrita, cálculo e resolución de problemas) no inicio do curso en 1º ESO en coordinación cos titores/as e profesorado das materias instrumentais, fundamentalmente, para detectar necesidades educativas desde o inicio do curso e adoptar as medidas de atención necesarias na avaliación inicial.
- Solicitar a información pertinente a outras institucións ou instancias (servizos sociais do Concello, Menores, Saúde mental) cando interveñen con alumnado que se atopa nunha situación social e persoal desfavorable ou de risco.
- Realizar a valoración psicopedagóxica preceptiva en caso de aplicar algunha medida extraordinaria que o requira.
- Avaliación inicial. Reunión preceptiva dos equipos docentes ao comezo de curso na que se valora a información recollida sobre o alumnado e se toman decisións colexiadas para establecer as medidas de atención educativa máis apropiadas en función das necesidades detectadas a nivel individual ou de grupo.

-Alumnado 1º ESO procedente de centros non adscritos

- As mesmas actuacións que no grupo anterior excepto o primeiro punto.

-Alumnado doutros cursos de ESO e Bacharelato que se matriculan por primeira vez no centro

- Análise dos informes individualizados do alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro en determinadas circunstancias (repetición de curso, promoción con pendentes...) para detectar se existen necesidades educativas, valorando o nivel de consecución dos obxectivos da etapa ou curso, as competencias adquiridas e todas aquelas observacións ou recomendacións específicas sobre o seu estilo de aprendizaxe e as dificultades detectadas.
- Valoración das necesidades educativas detectadas na avaliación inicial e decisión de medidas a adoptar.

.-Alumnado do propio centro con necesidades educativas.

- Detección de novas necesidades en calquera momento do proceso educativo por parte do equipo docente que se valoraría na avaliación inicial, nas avaliacións ordinarias ou que se comunicaría polo profesorado aos titores/as do alumnado ou ao departamento de orientación.

-Alumnado estranxeiro que se incorpora tardiamente ao sistema educativo.

- A detección e valoración das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado estranxeiro que se incorpora tardiamente ao sistema educativo recóllese no plan de acollida de alumnado estranxeiro do centro. Trátase dun protocolo polo que se rexe a avaliación psicopedagóxica necesaria para emitir o informe de

escolarización coa recomendación do curso no que se debe matricular o novo alumno/a e as medidas ordinarias e/ou extraordinarias que se deben aplicar en cada caso tendo en conta as necesidades detectadas, o momento do curso en que se incorpora ao curso e os recursos materiais e persoais cos que conta o centro.

3. -DETERMINACION DE OBXECTIVOS

Na introdución do Decreto de atención á diversidade afirma que *"o obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros nos que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daqueles que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, de educación, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada"*.

Por tanto, o obxectivo final do Plan de Atención á Diversidade do centro é lograr que o proceso educativo se adapte ás necesidades educativas e características de todo o alumnado, especialmente dos que presentan necesidades específicas de apoio educativo, mediante a adopción dunha serie de medidas e accións apropiadas tendo en conta o contexto, as características do alumnado e os recursos materiais e persoais.

OBXECTIVOS XERAIS

- Establecer os criterios básicos que sirvan de referente e marco para que o centro poida concretar cada curso e en todo momento o axuste das respostas educativas apropiadas a cada alumno/a e o seu contexto.
- Servir como ferramenta ou instrumento que permita ao centro, despois de valorar as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado, elaborar, planificar e organizar as medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade e priorizar os recursos materiais e persoais de que se dispón, para adaptalos e axustalos ás necesidades educativas.
- Prever e facilitar a resposta educativa ante as novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, coa introdución de modificacións con medidas organizativas flexibles que favorezan o reaxuste dos medios materiais e persoais dispoñibles.
- Constituír unha guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara ao curso seguinte en función da valoración realizada cada curso e da detección de novas necesidades.
- Fomentar a colaboración do profesorado e os departamentos na detección e valoración de necesidades educativas específicas.
- Lograr a implicación e coordinación do profesorado e os departamentos na elaboración, planificación, organización e correcta aplicación das medidas de atención á diversidade que se establezan.
- Proporcionarlle ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro no momento que se detecten.
- Elaborar e planificar propostas educativas con medidas preventivas xerais ordinarias que poidan mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe, así como o desenvolvemento persoal e social de todo o alumnado: estratexias didácticas e

organizativas que afecten á metodoloxía, á planificación de actividades, ao uso dos recursos didácticos...

- Elaborar e planificar propostas educativas con medidas xerais ordinarias e extraordinarias, máis específicas, adaptadas ao alumnado con necesidades de apoio educativo e dificultades de aprendizaxe.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar a participación e colaboración das familias implicando aos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.

4.- DESCRICIÓN DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CONCEPTO

No marco do presente decreto, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

MEDIDAS ORDINARIAS

No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

A dirección do centro, co asesoramento dos departamentos, determinará os agrupamentos de alumnos/as nos diferentes niveis seguindo dentro do posible criterios de carácter pedagóxico e organizativos en función das necesidades do alumnado e da dispoñibilidade de recursos materiais e persoais.

Todas as aulas están dotadas de diversos medios técnicos (proxector e ordenador) para facilitar o uso de recursos didácticos que requiran medios audiovisuais, con acceso á rede e a materiais informáticos. Ademais, as aulas do centro, excepto as seis da primeira planta asignadas aos seis cursos de primeiro e segundo de ESO, están organizadas como aulas de materia dos diversos departamentos. Por tanto, todo o alumnado, a partir de 3º ESO, cambia de clase desprazándose á aula asignada para cada materia.

Os grupos de reforzo, os agrupamentos e grupos de diversificación asisten a aulas máis pequenas situadas na planta baixa do instituto. Algunhas delas están organizadas en función das características das ensinanzas que se imparten (diversificación) e dotadas de recursos complementarios como pizarra dixital, por exemplo.

Tamén contamos cunha aula de apoio con material adaptado e recursos técnicos e didácticos para atender o alumnado con necesidades específicas de aprendizaxe.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Os departamentos determinarán nas correspondentes programacións didácticas os obxectivos e contidos básicos da materia que constituirán a base para determinar e realizar os reforzos tanto na aula con todo o alumnado como a nivel individual ou en pequenos grupos de reforzo.

Desta maneira cada profesor na súa aula, en función do nivel de competencia curricular e dificultades do alumnado, poderá priorizar obxectivos e/ou modificar a secuencia de consecución dos mesmos atendendo aqueles criterios de carácter funcional, relacionados co desenvolvemento das competencias básicas e que lle permitan ao alumno/a unha maior autonomía na aprendizaxe.

Tamén permite priorizar bloques de contidos básicos, seleccionar aqueles de carácter máis funcional e interdisciplinar e precisar os contidos mínimos de cada unidade didáctica tendo en conta as circunstancias e o contexto dun alumno/a individual ou dun grupo.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

Tamén se deben establecer as directrices xerais a seguir polo profesorado da materia no referente á metodoloxía, ás formas de coordinación e ás modalidades de agrupamento na planificación das actividades, elixindo en función do tipo de tarefa e o estilo de aprendizaxe do alumnado a modalidade de agrupamento máis axeitada en cada momento: traballo individual, traballo en parella, traballo cooperativo ou tutoría entre iguais utilizando as técnicas de grupo máis axeitadas en función dos obxectivos e contidos, do tipo de actividade, da organización dos espazos e dos recursos técnicos e materiais dispoñibles.

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

En cada momento o profesorado, tendo en conta as características e dificultades do alumnado, e para a consecución de determinados obxectivos, pode variar a temporalización na realización das actividades, modificando e flexibilizando estas para que sexan variadas, motivadoras e con diverso nivel de dificultade. Do mesmo xeito sería conveniente ter en conta a modificación dos tempos na avaliación nos casos e contextos que así o requiran.

Co mesmo motivo, deberíanse modificar as formas de valorar os progresos e a aprendizaxe do alumnado, sobre todo cando se presentan dificultades e atrancos. Tamén pode resultar relevante a selección de técnicas e instrumentos de avaliación variados que permitan diferentes soportes adaptados para cada caso e dependendo do contexto de aprendizaxe.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. Están recollidas no Plan de Convivencia do Centro

f) Desdoblamento de grupos.

O desdobre consiste en dividir un curso en dous grupos seguindo aqueles criterios que estableza o departamento da materia correspondente. Esta medida favorece unha atención máis personalizada ao baixar a *ratio*, o que permite reforzar a aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe realizando modificacións de carácter metodolóxico

(agrupamentos, traballo cooperativo, planificación máis flexible de actividades, maior utilización de materiais e recursos didácticos, variar técnicas e instrumentos de avaliación etc.

O desdobre é recomendable nos primeiros cursos ou en grupos con elevado número de alumnos/as ou pola alta concentración de alumnado repetidor e/ou con dificultades de aprendizaxe. Esta medida dependerá dos recursos persoais do instituto e da decisión da dirección de acordo cos departamentos correspondentes, pero é idónea nas materias de carácter máis instrumental, idiomas estranxeiros ou en materias que comportan traballo de taller.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

A finalidade destes apoios será reforzar de forma prioritaria as técnicas instrumentais básicas (comprensión e expresión oral e escrita, vocabulario, cálculo e resolución de problemas) correspondentes ás materias de linguas e matemáticas dedicándolle máis tempo ao alumnado, mellorando as axudas didácticas (máis actividades e material apropiado, propostas metodolóxicas adaptadas ao estilo de aprendizaxe) e un seguimento individualizado para que cada alumno/a poida acadar as competencias básicas e os obxectivos da materia.

h) Programas de enriquecemento curricular.

Nas programacións de cada materia, os departamentos deberán contemplar a inclusión de obxectivos, contidos e planificar actividades de ampliación ou enriquecemento para alumnado con bo rendemento escolar e/ou altas capacidades.

Os departamentos, en función dos criterios de organización e da dispoñibilidade de recursos persoais, determinarán se é posible reservar algunha hora complementaria para atender as necesidades de ampliación de currículo dos alumnos/as con altas capacidades.

Tamén se animará e estimulará este tipo de alumnado para que participe naqueles concursos ou actividades que respondan ás súas necesidades, intereses e que fomenten a motivación por ampliar a formación e seguir aprendendo.

i) Programa do Diploma do Bacharelato Internacional.

O programa do Diploma é un currículo esixente e estimulante de dous anos de duración dirixido ao alumnado de 16 a 19 anos.

O programa que está autorizado no instituto desde o curso 2008/09 achégalle ao alumnado moito máis que coñecementos. Trátase dunha preparación para a universidade na que aprenderán a: formular interrogantes complexas, aprender a aprender, desenvolver unha forte identidade persoal e cultural e desenvolver a capacidade de comprender as persoas doutros países e culturas, e comunicarse con elas.

l) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

Alumnado destinatario: (1º e 2º ESO)

Poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria, tras a pertinente valoración, o alumnado que promociona a ESO desde Primaria por imperativo legal, aquel que repita 1º ou 2º curso e aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das materias instrumentais. O alumnado que participe nestes programas quedará exento da 2ª lingua estranxeira (francés).

Profesorado que imparte os reforzos.

A impartición das linguas galega e castelá corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos departamentos de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castela e Literatura, Inglés, Francés, outra lingua estranxeira, Latín e Grego.

A impartición de matemáticas corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

Estes programas teñen atribución horaria, estarán baseados nos mínimos esixibles do curso correspondente e suporán unha atención personalizada para lograr o dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

Para o alumnado que participe nestes programas, os departamentos, na súa programación, establecerán o procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso correspondente.

m) Programas de recuperación.

Alumnado destinatario: alumnado que promociona a 2º ESO coas materias instrumentais superadas e outras materias pendentes.

Teñen atribución horaria e poderase establecer un programa de recuperación das aprendizaxes de ditas materias non instrumentais cando o departamento correspondente conte con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo.

O alumnado que participe nestes programas quedará exento da 2ª lingua estranxeira (francés).

As ensinanzas dos programas de recuperación de materias pendentes non instrumentais estarán baseados nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponde ao profesorado que imparta o programa.

n) Programas específicos personalizados.

Alumnado repetidor de 1º e 2º curso de ESO :

Son programas sen atribución horaria orientados á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no informe de avaliación final, e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial.

Estes programas serán elaborados polos departamentos das materias correspondentes e deberán incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

No caso do alumnado de 1º e 2º de ESO deben contemp lar a posible incorporación a un programa de reforzo das áreas instrumentais básicas ou de recuperación doutras materias. Se asiste a un programa de reforzo dunha materia determinada, poderá quedar eximido deste programa na dita materia.

É competencia do profesorado que imparta a materia facer o seguimento do alumnado na realización das tarefas propostas polo departamento e comunicarllo ao titor/a, quen deberá facérllelo chegar ás familias.

Alumnado repetidor de 3º e 4º curso de ESO :

Poderán seguir un programa personalizado nas mesmas condicións que en 1º e 2º, agás a súa incorporación a un programa de reforzo ou recuperación.

ñ) Programas de habilidades sociais.

Estes programas están establecidos no Plan de acción tutorial do centro para todos os alumnos/as. No Plan de Convivencia do Centro recóllense aqueles programas máis específicos para o alumnado enviado reiteradamente á aula de convivencia ou para o alumnado que sexa sancionado coa suspensión do dereito de asistencia ao centro.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

No marco deste decreto considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha, as ensinanzas ou etapas específicas considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

a) Adaptacións curriculares significativas.

Concepto

- Consisten en modificacións de un ou máis elementos prescriptivos de currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) para atender as necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por dificultades como polas súas capacidades excepcionais.
- O referente serán os obxectivos xerais da etapa, ciclo ou curso. Poderán pertencer a outra etapa ou ciclo distinto do que cursa o alumno/a.
- Levaranse a cabo no contexto educativo ordinario, agás en casos excepcionais.
- Decidirase a súa elaboración cando se esgoten outras medidas de intervención ordinaria.

Condições

- Precisarán a autorización da inspección educativa correspondente.
- Poderanse modificar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que poderán ser adaptados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados.
- O deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor/a que lle imparte a área ou materia ao alumno/a, coa colaboración do departamento didáctico correspondente, co asesoramento do responsable da orientación do centro ou do equipo psicopedagóxico, e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno/a.
- Duración mínima de un curso.

b) Agrupamentos flexibles.

Consiste en realizar desdobramentos transitorios co alumnado de distintos grupos do mesmo nivel cun atraso académico xeneralizado para constituír grupos específicos nunha ou varias materias.

A intención desta medida organizativa é apoiar alumnos/as menores de 16 anos escolarizados fundamentalmente nos primeiros cursos de ESO, con dificultades de aprendizaxe ou que non acadaron os obxectivos mínimos do curso ou ciclo e cando se considere que esta medida pode resultar apropiada para garantir a eficacia da repetición ou despois de promocionar con materias pendentes e/ou dificultades sen superar. Normalmente trátase de alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas materias que reclaman unha atención máis individualizada ben, polo seu carácter instrumental necesario para seguir aprendendo, como é o caso das matemáticas e as linguas, ben, polo seu peso conceptual (ciencias sociais e ciencias da natureza).

Será necesario evitar a discriminación coas medidas necesarias a través do Plan de acción tutorial, garantindo a integración destes alumnos/as nos grupos referencia e resaltando o seu carácter transitorio.

Terá carácter de Reforzo Educativo e a súa flexibilidade permite que un alumno/a regrese co grupo ordinario de referencia en canto supere as dificultades. Tamén pode incorporarse alumnado ao agrupamento en calquera momento cando se considere por parte do equipo docente que esta é unha medida apropiada e despois de seguir todo o protocolo de incorporación ao mesmo.

O alumnado poderá permanecer no agrupamento flexible unicamente parte do horario semanal. En todo caso, o alumno/a pertence para todos os efectos a un grupo ordinario de referencia. Para asegurar a súa efectividade, consideramos que o número máximo de alumnos/ as de cada agrupamento flexible non debería ser superior a 10 aínda que poida chegar aos 15.

Cando a organización do centro o permita, é recomendable que o profesorado do agrupamento imparta docencia nos grupos de referencia.

Alumnado destinatario:

- Alumnado escolarizado fundamentalmente nos primeiros cursos de ESO que presentan un atraso académico xeneralizado, con dificultades de aprendizaxe e que recibiron ou reciben outras medidas ordinarias de atención insuficientes para superar o seu atraso a pesar do aproveitamento das mesmas.

- Alumnado que non alcanzou os obxectivos e competencias básicas de diversas materias en 1º e 2º de ESO e que esta medida organizativa de atención a diversidade se considere esencial para garantir a eficacia da súa permanencia de un ano máis no curso ou porque promociona con materias pendentes ou obrigatoriamente de Primaria á ESO ou de primeiro a 2º curso de ESO.

- Alumnado menor de 16 anos escolarizado en 3º de ESO e, excepcionalmente, para aqueles que, aínda tendo 16 anos, se considere esta medida máis apropiada que a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un programa de cualificación profesional inicial.

c) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.

Alumnado con necesidades educativas especiais e dificultades de aprendizaxe diagnosticadas previamente ou que poidan xurdir ao longo do proceso educativo e fundamentalmente no primeiro ciclo de ESO. Esta atención será prioritaria con alumnado con adaptacións curriculares elaboradas e autorizadas ou en proceso de elaboración.

Trátase de alumnado informado polo centro de procedencia, detectado polo equipo docente durante o curso e coa valoración e información do departamento de orientación que necesita unha atención individualizada e que xa recibiron ou reciben outras medidas de atención á diversidade.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

Alumnado con altas capacidades para o que se solicita adiantar un curso tras un proceso regulado de valoración.

e) Programas de diversificación curricular.

Constitúe unha medida de atención á diversidade do sistema educativo español que intenta adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, mediante o principio de flexibilidade, entre outros.

Trátase dunha medida extraordinaria que desde 3º de ESO permítelles aos alumnos e alumnas que o precisen, tras a oportuna avaliación, conseguir os obxectivos da ESO e, por tanto, conseguir o Título de Graduado en Secundaria. Estes obxectivos da Etapa logranse mediante unha metodoloxía específica a través dunha organización dos contidos, das actividades prácticas e, no seu caso, de materias diferente á establecida con carácter xeral.

Con carácter xeral, a duración destes programas será de dous anos. Non obstante, poderán establecerse programas de un ano de duración para aquelas alumnas ou alumnos que cursasen o cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou que repetisen o terceiro curso sen superalo.

Alumnado destinatario:

Alumnas e alumnos con dificultades de aprendizaxe que recibiron anteriormente outras medidas de atención á diversidade (reforzos, agrupamentos, repetición de curso...) que non foron suficientes para recuperar as dificultades presentadas e corren o risco evidente de non acadar as competencias e obxectivos da ESO cursando o currículo ordinario.

Ademais existen expectativas razoables de que, mediante a incorporación a este programa, poderán alcanzar os obxectivos xerais da etapa e, por tanto, obter o título de graduado en educación secundaria.

En todo caso, a incorporación dun alumno/a a estes programas requirirá: un informe do titor/a coa proposta razoada do equipo de profesores do grupo do alumno, informe do departamento de orientación e constancia escrita da opinión dos pais.

Condições de acceso:

Programa de dous anos:

.-Ter cursado 2º ESO e non estar en condicións de promociónar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.

.-Tras cursar 3º ESO, non estar en condicións de promociónar.

Programa de un ano:

.-Tras repetir 3º ESO, non superalo

.-Ter cursado 4º ESO sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

f) Programas de cualificación profesional inicial.

Estes programas, aínda que se describen a continuación, non se imparten no IES do Castro.

Os programas de cualificación profesional inicial (PCPI) terán como finalidade favorecer a inserción social, educativa e laboral das mozas e mozos en risco de abandono escolar antes da finalización da escolaridade obrigatoria e abrir novas expectativas de formación e de titulación ao alumnado en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa. Teñen unha marcada vocación profesional, permiten a relación co mercado de traballo e facilitan a inserción laboral nunha actividade profesional de xeito cualificado.

Os PCPIs organízanse en tres tipos de módulos cunha duración total de dous anos:

*a.- **Específicos**, que desenvolverán as competencias do perfil profesional no módulo elixido.*

*b.- **Formativos de carácter xeral**, que posibilitarán o desenvolvemento das competencias básicas e favorecerán a transición desde o sistema educativo ao mundo laboral*

*c.- **Voluntarios**, que conducirán á obtención do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.*

O alumnado que supere os *módulos específicos* e os *formativos de carácter xeral* obterá un **certificado de profesionalidade de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Así mesmo, coa superación dos módulos obrigatorios (*específicos e formativos de carácter xeral*) poderá acceder a un ciclo formativo de grao medio. Os que superen, ademais, os *módulos voluntarios* obterán tamén o **título de graduado en educación secundaria obrigatoria**.**

Persoas destinatarias.

Están dirixidos a alumnado entre dezaseis e dezanove anos que non obtívese o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e, excepcionalmente ao alumnado maior de quince anos.

a) Alumnado escolarizado con dificultades de aprendizaxe que acepte o marco escolar e valore continuar a súa formación nun ámbito profesionalizador, ou ben que se atope en grave risco de abandono escolar.

b) Alumnado desescolarizado por abandono do sistema educativo ou por proceder doutros países, que desexe acceder ao mercado laboral coa acreditación dunha cualificación profesional de nivel 1.

c) Alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade ou trastornos graves de conduta que teñan cursada a escolarización básica en centros ordinarios ou en centros de educación especial co fin de facilitar a súa inserción laboral

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

A asistencia ao alumnado destas características seguirá as pautas que determina a lexislación nestes casos. Normalmente poderá ser destinatario dunha atención educativa hospitalaria ou domiciliaria o alumnado que, cursando ensinanzas de réxime xeral na modalidade presencial, por prescrición facultativa se considere que non poderá asistir a clase por un período superior a un mes. É necesario formular a solicitude correspondente por parte da dirección do centro a instancia dos pais do alumno/a á Delegación de Educación ,presentando os Informes xustificativos.

Cando un alumno/a sexa obxecto de atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, o seu centro de referencia establecerá, a partir do correspondente proxecto curricular de etapa, un programa individualizado no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación.

A elaboración e seguimento dese programa dependerá do titor/a do alumno/a en colaboración co correspondente servizo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria e co asesoramento do correspondente departamento de orientación. Así mesmo, cando as condicións do alumno/a así o requiran, o equipo de orientación específico proporcionará o apoio necesario para levar a cabo esas tarefas.

h) Grupos de adquisición das linguas.

Trátase de programas destinados a asegurar unha competencia lingüística básica do alumnado estranxeiro cun descoñecemento total ou parcial das linguas obrigatorias en Galicia. O obxectivo é que poidan adquirir un mínimo de capacidade de expresión e comunicación antes de realizar o horario lectivo completo incorporados ao seu nivel e grupo. (Esta medida dependerá de que exista un grupo suficiente de alumnado e dos recursos persoais e de espazo no centro)

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Trátase de instaurar e reforzar aprendizaxes básicas non iniciadas ou sen consolidar mediante un traballo individualizado ou en pequenos grupos, cos materiais e estratexias didácticas axeitadas para alumnado estranxeiro cun nivel de competencia curricular moi baixo, independentemente do momento en que se incorporan ao instituto e despois dunha valoración das súas necesidades. (Esta medida dependerá de que exista un grupo suficiente e dos recursos persoais e de espazo no centro)

5.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO:

Orientador:

- Realizar as avaliacións psicopedagógicas do centro.
- Desenvolver e avaliar as medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento e criterios establecidos no Plan de atención á diversidade e no Proxecto curricular do centro
- Responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración dos informes psicopedagógicos.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Elevar á xefatura de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas ao alumnado en xeral e con necesidades educativas especiais en particular.
- Favorecer a comunicación coas familias e facilitar a coordinación das titorías na detección de necesidades e no seguimento e aplicación das medidas adoptadas.

Profesora de apoio

- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira en coordinación co departamento de orientación.

Titores/as

- Coordinan o proceso avaliador, tanto na avaliación inicial como no resto de avaliacións, para valorar as necesidades educativas, recollendo información sobre as dificultades do alumnado e as diferentes propostas de medidas de atención á diversidade co asesoramento e colaboración do departamento de orientación.
- Realizan actividades de coordinación co equipo docente para asegurar a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións facilitando o seu axuste ao grupo, sobre todo nos casos de atención ás necesidades educativas especiais.
- Elaboran os informes individualizados preceptivos, cando cumpra, coa decisión e valoración do equipo docente para proposta dalgunhas medidas de atención á diversidade extraordinarias que así o requiran: incorporación a un agrupamento flexible, a un programa de diversificación curricular ou a un programa de cualificación profesional, e solicitude da exención da 2ª lingua estranxeira no primeiro ciclo de ESO.
- Ofrecen información ás familias sobre a adopción dalgunhas medidas de atención á diversidade e, se é preciso, solicitan a súa autorización.

Profesorado de reforzo, profesorado de materias instrumentais.

- Impartir docencia directa ao alumnado con necesidades educativas nestas materias seguindo as directrices dos respectivos departamentos, preferentemente en pequenos grupos, e tanto en horario escolar como, se é o caso, en horario extraescolar dependendo do tipo de axuda ou do tipo de programa do que se trate: reforzo en linguas con alumnado que ten exención en francés, reforzo das áreas instrumentais, programas de recuperación de pendentes, grupos de adaptación da competencia curricular ou grupos de adquisición de linguas.
- Coordinación, se é o caso, co profesorado que imparte clase das materias obxecto de reforzo nos grupos de referencia.
- Colaboración e coordinación, se é o caso, co departamento de orientación para o axuste da resposta educativa en función da existencia ou non de dificultades específicas de aprendizaxe.

Profesorado da aula convivencia.

- Custodiar o alumnado enviado á aula de convivencia rexistrando no libro de incidencias os datos do alumno/a, as causas polas que foi remitido a dita aula e deixar constancia de que ven con actividades de traballo e co material necesario.
- Responsabilizarse de que realice as tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda. En calquera caso, corresponderalle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que deben realizar, corrixilas e avalialas.
- No caso de alumnado enviado de forma reiterada á aula de convivencia, supervisará conforme ao protocolo determinado, a realización das actividades sobre habilidades sociais que se lle asignen desde a titoría, o departamento de orientación ou a xefatura de estudos .

6.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

.- As medidas de atención á diversidade organizaranse dentro do horario xeral do instituto ou, cando este permaneza aberto, a través do uso flexible dos recursos persoais, dos espazos e dos medios dispoñibles. A planificación concreta das mesmas e a realización das actividades de apoio e reforzo correspondentes dependerá do tipo de medida e as condicións que se establezan neste plan para aplicalas.

- A aplicación, organización e distribución das medidas propostas dependerá, por tanto, en primeiro lugar da dispoñibilidade de recursos persoais (profesorado con horario suficiente nos departamentos correspondentes), de espazos adecuados e aulas libres no caso das medidas de carácter grupal, e, nalgúns casos, da posibilidade de contar con recursos materiais e medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados.

- Tamén dependerá do tipo de dificultades e necesidades que se detecten ao inicio de cada curso e da valoración do tipo de medidas máis axeitadas para atendelas. No caso de propoñer medidas de carácter organizativo que supoñan a formación de grupos, dependerá de que exista un número de alumnos/as suficiente cun perfil apropiado para poñelas en práctica.

- Flexibilidade curricular e organizativa na aplicación das medidas, tanto ordinarias como extraordinarias, cando se detecten novas necesidades educativas en calquera momento do curso para favorecer o acceso ao currículo de todo o alumnado mediante a organización adecuada dos elementos materiais, e dos recursos persoais e materiais do centro.

- A aplicación dalgunhas medidas ordinarias, e todas as extraordinarias, desenvolveranse con alumnado informado polos profesionais de orientación, e/ou polos equipos docentes nas avaliacións. En calquera caso, cada medida ten o seu protocolo específico e regulado para determinar a súa aplicación a un alumno/a ou a un grupo de alumnos/as.

- A maioría das medidas de carácter ordinario pode desenvolverlas o profesorado na súa aula informando simplemente ao titor/a e ás familias, seguindo os criterios establecidos nos departamentos correspondentes e neste Plan de Atención á Diversidade.

- Priorizar as medidas de carácter organizativo (desdobres, agrupamentos, grupos de reforzo e recuperación de pendentes) así como os apoios individualizados nos primeiros cursos de ESO.

- A finalidade dunha gran parte das medidas de apoio educativo será reforzar as materias de carácter instrumental (linguas e matemáticas) incidindo na consecución e dominio das competencias básicas das mesmas.

- Os programas de reforzo ou de recuperación de pendentes, no caso de que os departamentos decidan organizalos, realizaranse dentro do horario lectivo sempre que sexa posible e o alumnado destinatario teña concedida a exención de francés nos dous primeiros cursos de ESO.

- Os departamentos, en función da dispoñibilidade horaria, poderán organizar grupos de reforzo e/ou recuperación fóra do horario lectivo. Estas clases de reforzo de carácter complementario impartiranse seguindo os criterios e protocolo que cada departamento determine na súa programación. Como norma xeral, impartíranse polas tardes ao rematar as clases.

- En calquera caso, a dirección do centro, en función da información achegada polo departamento de orientación e o resto dos departamentos sobre as necesidades de atención á diversidade que se presentan, tanto ao inicio como en calquera momento do curso, decidirá e concretará no plan de actuación anual que medidas son as máis pertinentes para adoptar en cada curso ou nivel educativo.
- No cuarto curso de ESO, a optatividade, a través da organización de itinerarios, responderá tamén á diversidade, adecuando o currículo aos diversos intereses e capacidades.
- O organización do Bacharelato Internacional, autorizado desde o curso 2008/09 no centro, responde tamén á diversidade como enriquecemento e ampliación do currículo.

7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

- Para asegurar un desenvolvemento adecuado das actividades de reforzo e apoio é necesario establecer unha coordinación entre o profesorado que imparte estes reforzos e o profesorado das materias, especialmente das instrumentais. Os departamentos determinarán as directrices que rexerán esta coordinación co obxecto de lograr a conexión e continuidade entre o traballo que se realiza na aula e o que se realiza nos reforzos e apoios, así como o seu peso na avaliación da materia.
- O departamento de orientación realiza a coordinación preceptiva co departamento de orientación do centro adscrito CPR Doutor Fleming. A orientadora de Primaria acode a tres reunións anuais do departamento de orientación do instituto para asegurar a coordinación, a coherencia e o traspaso de información.
- O orientador manterá unha reunión semanal cos titores/as de cada nivel de ESO, incluída nos horarios, para coordinar as actuacións da titoría e para realizar un seguimento do alumnado con necesidades educativas de diversa índole.
- A profesora de apoio reúnese co orientador unha hora semanal, incluída nos horarios, para realizar o seguimento e valoración do alumnado que recibe atención específica na aula de apoio.
- Os profesores/as que imparten os ámbitos lingüístico-social e científico-técnico nos grupos de diversificación reúnense frecuentemente co orientador e cos titores respectivos para realizar un seguimento da evolución do alumnado destes grupos.
- Reunións da CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica).
- Reunións de avaliación e reunións dos equipos docentes de determinados grupos convocados pola dirección do centro.
- Reunións informais dos compoñentes do departamento de orientación con xefes/as doutros departamentos, ou con profesorado en xeral que aplica un reforzo ou imparte clase a algún grupo con atención á diversidade, para recoller información sobre a evolución dos alumnos/as.

8.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

- Colaboración e comunicación coas familias para informar sobre o proceso educativo en xeral e sobre as decisións daquelas medidas de atención á diversidade que requiran a súa implicación e/ou autorización.:
 - Reunións dos titores/as con todos os pais e nais dos seus alumnos ao comezo de curso.
 - Reunións periódicas dos titores coas familias, especialmente do alumnado con necesidades educativas específicas cando se precise.
 - Atención e asesoramento do orientador do centro aos pais e nais do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.

- Colaboración e traballo coordinado do centro (desde dirección, orientación e titorías) con aquelas institucións implicadas na situación familiar, social e escolar do alumnado: servizos sociais do Concello de Vigo (Programa de Infancia e familia), servizo de Menores, servizo de saúde mental do SERGAS, Asociacións e fundacións implicadas na custodia de alumnado, diversos gabinetes e especialistas...
- Colaboración con organizacións sen ánimo de lucro que desenvolven diversas actividades e programas educativos.

9.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Exención de 2ª lingua estranxeira

Os alumnos/as con dificultades lingüísticas en primeiro e segundo de ESO poder ter exención de francés despois de analizar a súa situación académica e cumprir determinados requisitos. Este alumnado ven informado cando promociona a Secundaria, ou cando repite un curso na ESO ou promociona con pendentes. O proceso a seguir para solicitar a exención é o seguinte:

- O titor/a do curso anterior elabora un informe, avalado polo equipo docente, no que propón para esta medida a un alumno/a determinado a causa das dificultades que presenta na área lingüística e pola necesidade de reforzar as competencias nesa área.
- Infórmase á familia para solicitar a súa conformidade e autorización.
- Elevase a proposta á dirección do centro quen autoriza ou non dita medida.

O alumnado con exención recibirá clase de reforzo en linguas nas dúas horas que lle correspondería asistir á clase de francés co seu grupo de referencia. No seu expediente constará como *exento*.

Asistencia á aula de apoio

- Valoración pola xefatura do departamento de orientación das necesidades específicas e/ou dificultades de aprendizaxe dun alumno/a informado polas canles establecidas para o que se determina a necesidade dunha atención individualizada e especializada por parte da profesora especialista de pedagogía terapéutica. Esta atención será prioritaria con alumnos con adaptacións curriculares.
- Esta atención realizarase conforme ao que determine a lexislación pero fundamentalmente será individual ou nun pequeno grupo de alumnado con similares características.
- Solicitarase a autorización dos pais e nais por escrito.

Adaptacións curriculares significativas

Proceso de elaboración:

- Avaliación diagnóstica realizada polo orientador/a coa achega de información de todos os profesionais implicados.
- Reunión coordinada pola xefatura de estudos á que asistirán o titor/a, profesorado das materias obxecto de adaptación ou profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta xunta decidirase a pertinencia da ACs, así como aqueles elementos do currículo que deberán ser modificados.
- Elaboración da adaptación curricular por parte do profesorado das materias, coa colaboración e asesoramento de orientación, se así o precisan.
- O xefe do departamento de orientación elabora un documento de adaptación curricular, resume da avaliación diagnóstica, no que consignará os seguintes datos:

* Datos persoais do alumno/a

- * Datos físicos e de saúde
- * Datos psicosociais relevantes
- * Datos do contorno sociofamiliar
- * Datos educativos e pedagóxicos
- * Profesionais participantes

- A dirección do centro emite a proposta de AC á inspección educativa, que emite un informe.
- A avaliación diagnóstica, o documento de AC e o informe da inspección formarán parte do expediente do alumno/a e terá carácter confidencial.
- A avaliación do alumno/a farase segundo os criterios de avaliación da AC. Para a promoción, o referente serán os obxectivos da etapa correspondente.
- A AC reflectirase no expediente académico do alumno/a, no informe á familia e no libro de escolaridade.
- As ACs revisaranse polo menos unha vez ao remate do curso. As modificacións só requirirán unha nova autorización cando varíen os criterios de avaliación da anterior AC.

b) Agrupamentos flexibles:

Na avaliación extraordinaria de setembro ou durante calquera momento do curso, na avaliación inicial ou nas reunións de avaliación de cada grupo, os equipos docentes decidirán que alumnado cumpre os requisitos necesarios para formar parte con aproveitamento dun agrupamento flexible, se entenden que esta é unha medida apropiada para atender as súas necesidades educativas, para realizar a proposta correspondente.

O procedemento para formar un agrupamento flexible ou para incluír un alumno/a nun agrupamento xa autorizado é o seguinte:

.- Proposta razoada do equipo de profesores/as do grupo ao que pertence o alumno ou alumna, expresada mediante un informe individualizado que elaborarán os profesores tutores en colaboración co Departamento de Orientación. Nestes informes incluírase unha xustificación pormenorizada das razóns polas que esta medida se considera a máis apropiada: dificultades de aprendizaxe presentadas, competencias básicas adquiridas, nivel de competencia curricular, medidas de atención realizadas e aproveitamento das mesmas, circunstancias académicas relevantes do seu historial escolar, materias obxecto de agrupamento, etc

.- Infórmase aos pais e nais desta medida, dos seus obxectivos e organización solicitando a súa conformidade por escrito. É necesario incidir no carácter flexible da mesma, de maneira que, cando un alumno/a de agrupamento supere as dificultades que presenta, regresaría ao seu grupo de referencia.

.- A dirección do centro enviará a proposta de organización dos agrupamentos específicos ao servizo de inspección educativa a quen lle corresponde a súa aprobación antes do 30 de setembro. A proposta deberá incluír:

- O listado de alumnado que se inclúe nos agrupamentos.
- Os informes individualizados dos tutores/as.
- A constancia documental da conformidade das familias coa a medida para o seu fillo/a
- O cadro horario no que estes alumnos/as permanecerán nos agrupamentos.
- O profesorado que se vai encargar da docencia directa no agrupamento, indicando a súa situación laboral e distribución horaria semanal.
- Materias para as que se van constituír agrupamentos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas que deberán estar recollidas nas programacións xerais dos departamentos correspondentes.

e) Programas de diversificación curricular

Para determinar a incorporación dun alumno ou alumna a un programa de diversificación curricular seguirase o proceso seguinte:

.- Desde a 2ª avaliación realízase un seguimento do alumnado con circunstancias académicas e persoais propias do perfil dun alumno/a para o que a diversificación curricular de un ano ou dous constitúa a medida máis apropiada. A decisión definitiva tomarase na avaliación ordinaria de xuño e, fundamentalmente, na extraordinaria de setembro. Trátase de alumnado que debe repetir curso ou non logra promocionar tras unha repetición.

.- Proposta razoada do equipo de profesores/as do grupo ao que pertence o alumno ou alumna, expresada mediante un informe individualizado, elaborado pola persoa titora, no que se fará constar:

- A competencia curricular do alumno ou alumna en cada materia.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas .
- Os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno se integre nun programa de diversificación curricular.

O informe será remitido ao departamento de orientación.

.- O departamento de orientación procederá a realizar un informe no que se incluírán as conclusións da avaliación psicopedagóxica e o resultado da reunión co alumno ou alumna e co seu pai e nai ou representantes legais para formularlles a conveniencia da súa incorporación a un programa de diversificación curricular. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais ou representantes legais que foron previamente informados sobre as características e organización destes programas.

.- Unha comisión formada pola xefatura de estudos, a xefatura do departamento de orientación e a persoa titora da alumna ou alumno, valorará os informes emitidos e as opinións da alumna ou alumno e dos seus pais ou representantes legais e tomará a decisión que estime conveniente sobre a proposta de incorporación ao programa de diversificación curricular.

.- Envío da proposta definitiva ao servizo provincial de inspección educativa para a súa autorización. A Delegación Provincial, previo informe da inspección educativa, emitirá a autorización expresa para desenvolver os programas de diversificación curricular que cumpran cos requisitos establecidos, que será comunicada aos centros no prazo que estableza a lexislación.

Programas de cualificación profesional inicial

O departamento de orientación do centro informarálles ás persoas interesadas en cursar un programa de cualificación profesional inicial a cerca da conveniencia da súa incorporación a estes. O proceso para determinar a incorporación dun alumno/a será o seguinte:

.- Desde a 2ª avaliación realízase un seguimento do alumnado con circunstancias académicas e persoais propias do perfil dun alumno/a para o que a incorporación ao programa de cualificación inicial se considere a medida máis adecuada. A decisión definitiva tomarase na avaliación ordinaria de xuño ou na extraordinaria de setembro, sempre que se cumpran as condicións que determina a lexislación nestes casos.

- Elaboración polo titor/a dun informe individualizado que conteña a proposta razoada do equipo docente do grupo ao cal pertence o alumno/a na cal se considere que é a mellor opción para alcanzar os obxectivos da etapa de educación secundaria obrigatoria, que será remitido ao Departamento de Orientación. Nel farase constar:

- A competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia.
- As dificultades de aprendizaxe presentadas.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Os motivos polos cales o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun programa de cualificación profesional inicial.

- Realización por parte da xefatura do Departamento de Orientación dun informe en que se inclúan as conclusións da avaliación psicopedagóxica.

- No caso do alumnado maior de 16 anos ou que os cumpra no ano de inicio do programa, corresponderalle á dirección do centro, unha vez valorada a documentación anterior, a resolución sobre a autorización da proposta de incorporación ao programa.

- No caso de alumnado en idade de escolarización obrigatoria, realizarase a proposta de incorporación ao programa por parte da dirección do centro á vista dos informes anteriores, que será remitida, xunto co informe da titoría e o informe do Departamento de Orientación, ao servizo territorial de inspección educativa.

- Corresponderalle ao servizo territorial de inspección educativa, unha vez valorada a documentación anterior, a resolución sobre a autorización da proposta de incorporación ao programa do alumnado en idade de escolarización obrigatoria, que se deberá remitir ao centro educativo antes do remate do período de admisión.

- O centro remitiralles unha comunicación aos pais, ou a quen teña asignada a representación legal do alumno ou da alumna, na cal se indicará a concesión ou denegación da autorización.

- Para autorizar a incorporación a un programa de cualificación profesional inicial do resto do alumnado, esixirase a conformidade do alumno ou da alumna, a do seu pai e a da súa nai, ou a de quen teña asignada a súa representación legal.

10.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O seguimento será continuo e realizarase en diversos niveis.

- Nas reunións de coordinación semanal dos titores/as de ESO co orientador .
- Na reunión de coordinación didáctica semanal do orientador coa profesora de apoio.
- Nas reunións periódicas do orientador cos profesores/as que imparten os ámbitos en diversificación.
- Nas avaliacións preceptivas: avaliación inicial, nas tres avaliacións ordinarias do curso e na reunión da avaliación extraordinaria de setembro.
- Nas reunións que convoque a xefatura de estudos co profesorado dun alumno/a ou grupo determinado co obxectivo de establecer criterios e pautas de actuación respecto ás necesidades educativas dun alumno/a ou grupo, e se é o caso, tomar decisións sobre medidas de atención.
- O xefe do departamento de orientación realiza a memoria final do curso incluíndo a valoración global das medidas de atención á diversidade aplicadas o os seus resultados.

Tamén inclúe aquelas propostas de mellora acordadas no departamento para o curso vindeiro.

- A dirección do centro, cos aportes e achegas dos diversos departamentos, realiza a valoración global do desenvolvemento do Plan de atención á diversidade e propón os obxectivos e cambios para o curso vindeiro no Plan anual de centro.